

# CCOO ESIXE UNHA RESOLUCIÓN URXENTE AO CONFLITO QUE AMEAZA AO SECTOR DE AUTOESCOLAS



No mes de xuño o colectivo de examinadores e examinadoras iniciou unha folga que a data de hoxe aínda se mantén. O conflito iniciado coa Dirección Xeral de Tráfico provocou que o sector estea atravesando por un momento moi delicado, que xa supuxo a pechadura de decenas de autoescolas, coa consecuente perda de postos de traballo.

A diminución do alumnado, provocada pola imposibilidade de examinarse a curto e medio prazo, ameaza gravemente a subsistencia de miles de pequenas autoescolas que viron minguada drásticamente a súa facturación. A situación é insustentable e o sector está practicamente paralizado, con listas de espera para poder realizar o exame práctico que alcanzan case os tres meses, e cun incremento do custo para aquelas persoas que, ante a imposibilidade de presentarse a exame, vense abocadas a realizar máis clases prácticas.

A falta de vontade política para buscar solucións ao conflito está xerando graves prexuízos económicos a todas as partes implicadas, desde empresas ata profesionais; desde examinadores ata alumnado.

Por todo iso, desde CCOO esiximos á DGT que articule de xeito urxente os mecanismos necesarios que permitan a procura de solucións a este conflito que se iniciou fai máis de 5 meses e que está paralizando gravemente o sector. Si non se actúa xa, as secuelas poden ser irreversibles para un sector maioritariamente familiar incapaz de soportar durante moito tempo máis a continua falta de ingresos.